

A CULTURA É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

DAVID L.H.

David L.H. é un músico galego e afincado na Coruña especializado no blues tradicional e as músicas de raíz do sur dos Estados Unidos da primeira metade do século XX.

Cunha proposta que viaxa polo Delta blues, Piedmont, Ragtime e incluso o Swing, o seu estilo fuxe dos artificios para centrarse na crueza e a intimidade do son acústico. Cun enfoque artesanal, David combina a guitarra resonadora, o slide e a súa voz para reinterpretar clásicos e crear pezas propias que captan a esencia das sesións rurais dos anos 20 e 30.

Conta con varios traballos editados en solitario e coa súa banda, The Po'boys, coa que acaba de lanzar o EP Slide & Stomp (2026).

Nesta ocasión o acompañará o armonicista/serruchista Miguel "The blowing cow" integrante dos Bad Whiskey, The hot nuts, etc.